

**DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN
 E ACTUACIÓNS DO PRTR**

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

DATOS DO SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	APELIDOS	NIF/CIF	DATA NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	APELIDOS	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

INFORMACIÓN SOBRE A ACTUACIÓN NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Identificación da actuación	Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Compoñente do PRTR a que pertence a actividade	Compoñente 2 C02. Implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana.
Medida (reforma ou investimento) da compoñente PRTR á que pertence a actividade, indicando, se é o caso, a submedida	C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais»
Etiquetaxe climática e ambiental asignada á medida (reforma ou investimento) ou, se é o caso, á submedida	025 bis Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conforme aos criterios de eficiencia enerxética.

No desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na compoñente C02. Implementación da Axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana,

DECLARA:

Coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do punto 2: «solicitar, para os efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar buscas e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos seguintes:
 - i. o nome da persoa perceptora final dos fondos;
 - ii. o nome da persoa contratista e da subcontratista, cando a persoa perceptora final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
 - iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento das persoas titulares reais da perceptora dos fondos ou da contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) nº 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
 - iv. unha listaxe de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».
2. Punto 3: «Os datos persoais mencionados no punto 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, punto 2, e 23, punto 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Consonte co marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos citados artigos.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

ILMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA